DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP "PÁRROCO DON CAMILO", EN SAN ANDRES DE COMESAÑA

INFORME DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA

SITUACIÓN:	CEIP PÁRROCO DON CAMILO. PARROQUIA SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.
DATA:	OUTUBRO 2024.
PROMOTOR:	XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. CONCELLO DE VIGO.
ARQUITECTO:	ÁNGEL J. SANTORIO CUARTERO.

CONCELLO DE VIGO
XERENCIA DE URBANISMO
Urbanización e Infraestructuras

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

INFORME DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Ángel J. Santorio Cuartero, en calidade de arquitecto redactor do Plan Especial de Infraestruturas para o novo Acceso ao CEIP "Párroco Don Camilo", en San Andrés de Comesaña, en Vigo, promovido polo Concello de Vigo, formula o presente informe técnico para dar resposta individualizada as alegacións que de conformidade coa documentación remitida dende a XMU a este equipo redactor, se presentaron no trámite de exposición ao público do Plan Especial de Infraestruturas para o novo Acceso ao CEIP "Párroco Don Camilo".

Ditos fundamentos poderán servir de referencia ao órgano municipal que teña que adoptar a decisión de considerar a reforma do documento aprobado inicialmente e, posteriormente, aprobar definitivamente, se procede, dito documento urbanístico con ditos axustes.

- No prazo legal establecido presentáronse 2 alegacións, con números de documento 240151048 e 240181183.
- Fora do prazo legal, presentouse unha alegación, con número de documento 240233971.

De seguido, realízase contestación individualizada de cada unha delas.

- Alegación nº 1.

Nº Documento: 240151048

Expón e solicita:

Cambiar as notificacións a nome de hras. Herminia Fernandez Garcia

Resposta técnica:

ESTIMADA:

Ao quedar debidamente acreditada a condición de interesadas.

- Alegación nº 2.

Nº Documento: 240181183

Expón e solicita:

Expón que o Proxecto afecta a unha parcela da súa propiedade, na salida ou conexión coa parte urbanizada da estrada, ao ser lindante coa beirarrúa do vial denominado Estrada de Camposanco da Xunta de galicia da PO-552 en Vigo, no tramo Vigo-Baiona.

Que probablemente o erro da súa falta de notificación proveña do erróneo catasrtro no grafismo da súa finca, pois linda coa beirarrúa porque no seu día, foi expropiado o seu pai pola Xunta para a el¡xecución da mesma.

Solicita a inclusión como propietaria da superficie de terreo que se incorpora á alegación.

Resposta técnica:

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

DESESTIMADA:

Xa que en fase de planeamento, o PEID cumpriu co disposto no artigo 184.1 RLSG Relación das persoas titulares dos terreos afectados polo plan especial segundo datos catastrais.

Na seguinte fase relativa á obtención dos terreos, prevista por expropiación deberá acreditarse suficientemente o reclamado, co seu correspondente título para que, de ser o caso, se proceda a súa inclusión no expediente de expropiatorio, conta no catastro, etc ...

- Alegación nº 3.

Nº Documento: 240233971

Expón e solicita:

Solicita que se valore a efectos de expropiación os bens que se enumeran nos expositivos 1º, 2º, 3º e 4º. (árbores e arbustos; superficie real por recente medición; o aluguer de carteis de publicidade).

Resposta técnica:

DESESTIMADA:

Será na seguinte fase da tramitación relativa á obtención dos terreos, prevista por expropiación onde valoraranse polo miudo polo procedemento que aplique a Administración expropiante os bens e dereitos afectados.

As follas de xusto prezo individualizado conterá o valor de solo, edificacións, obras, inslación e plantacións ... e outras indemnizacións.

Será cando deberá acreditarse suficientemente o reclamado, co seu correspondente título para que, de ser o caso, se proceda a súa inclusión no expediente de expropiatorio, etc...

En Vigo, a setembro de 2024.
O arquitecto director,

Ángel J. Santorio Cuartero.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025